



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E SER SANTIAGO A DIFUSIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMACIÓN VENCELLADA AO FOMENTO DA NATALIDADE NO ANO 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Francisco Javier Abad Pardo, secretario xeral técnico da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar con *Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30 de xuño de 2016 ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a inserción nos medios de comunicación da entidade colaboradora, de acordo coa súa liña editorial, accións divulgativas sobre o fomento da natalidade e a necesidade de incrementar as taxas de natalidade da comunidade autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social ten interese en poñer en coñecemento do público en xeral as estratexias, programas e/ou iniciativas de apoio á familia e impulso da natalidade que consideran de maior interese para a cidadanía, e procurar, deste xeito un maior coñecemento destes pola poboación. Por outra parte, a entidade colaboradora, ademais de constituír na súa área de influencia o medio máis axeitado para dar a coñecer as estratexias, programas e iniciativas da consellería e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións de goberno que son de interese xeral, contribúe a facer efectivo a liberdade de expresión e o dereito de información.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 27 de xuño de 2016.

